



**ASUNTO:** 1ª Convocatoria cursos monográficos na EMAO 2016-2017  
Expte. 230/613

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte 1ª convocatoria de cursos monográficos para o período abril-xuño 2017, dirixidos ás persoas interesadas, que cumpran os requisitos fixados e que non estean matriculadas no presente curso 2016-2017 na EMAO:

**\* Aula de Pintura: “TEORÍA E PRÁCTICA DO CADERNO DE APUNTES: A TERAPIA DA OBSERVACIÓN”**

**Impartido por** Jacobo Fernández, mestre da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Persoas interesadas na práctica do debuxo e da pintura, que non estean matriculadas na EMAO no curso 2016-17

**Datas:** do 21 de abril ao 23 de xuño, os venres de 18:00 a 21:00 horas

**Inscripción** ata o 18 de abril

**Duración:** 30 horas

**Programa:**

Estudo e adestramento no caderno de apuntes, técnicas básicas, historia, actualidade, filosofía e, sobre todo, práctica deste medio de debuxo e pintura portátil cada vez máis vixente.

- Historia, filosofía e actualidade.
- Materiais e cuestións técnicas.
- Práctica a partir de propostas de traballo dentro e fora da escola.

**Material a aportar polo alumnado:** Caderno de apuntes e materiais básicos de debuxo e cor.

**\* Aula de CAIM-Gaita (colaboración con Ourivaría): “ANELADO DE GAITAS E INSTRUMENTOS CON METAIS”**

**Impartido por** Carlos Corral e Sandra de Jesús, mestres da EMAO das especialidades de CAIM-Gaita e Ourivaría, respectivamente.

**Destinatarios:** Ex-alumnos/as da EMAO da especialidade de CAIM-GAITA.

**Datas:** do 17 de abril ao 26 de xuño, os luns (laborables) de 11 a 14 horas

**Inscripción** ata o 11 de abril

**Duración:** 30 horas

**Programa:**

**OBJETIVOS:**

- Ampliar os coñecementos dos alumnos na materia de ornamentación do instrumento.
- Adquirir os coñecementos básicos do traballo en metais non ferrosos (cobre, latón, prata, etc); técnicas de corte, conformado, soldadura, limado, lixado, repuxado e pulido.

**CONTIDO:**

- Cálculo e desenrolo do metal necesario para cada anela.
- Corte do metal.
- Recocido e conformado das anelas na lastra
- Técnica de soldadura
- Repasado (limar, lixar, ...)
- Preparación da base na madeira
- Axuste e colocación
- Técnica de repuxado sobre a madeira no torno
- Repasado e satinado no torno
- Abrillantado na pulidora

**Material a aportar polo alumnado:**

Dúas limas de agulla ou limatóns:

Unha lima de agulla plana ou de espada (barrete)

Unha lima de agulla de media cana

Soldadura de prata en fío.

Unha ducia de pelos de segueta do número 4/0 ou 3/0 para cortar metal.

**\* Aula de CAIM-LUTHERÍA ANTIGA: “ELABORACIÓN DE ROSETAS PARA LAÚDE RENACENTISTA E BARROCO”**



**Impartido por Ramón R. Casal**, mestre de CAIM-Luthería antiga da EMAO

**Destinatarios:** Este curso vai dirixido a músicos, artesáns ou aficionados á madeira que sintan inquedaanza pola luthería antiga e queiran ampliar os seus coñecementos e que non estean matriculados na EMAO no curso 2016-17

**Datas:** do 20 de abril ao 22 de xuño, os xoves (laborables) de 11:00 a 14:00 horas

**Inscripción:** ata o 18 de abril

**Duración:** 30 horas

**Programa:**

O curso terá un contido eminentemente practico.

Historia da luthería, destacando o campo dos constructores de Laude Renacentista e Barroco.

Elaboración da mesa de calar.

Preparación da goma laca para vernizado final.

Debuxado do modelo elexido na madeira.

Taladro da peza para introducir a serra.

Segueteado manual.

Perfeccionamento con limas e bisturí.

Montaxe no caso da roseta de dous pisos, preparación do pergamiño.

Acabado con goma laca.

**Material a aportar polo alumnado:**

1 bata branca

1 Libreta e portaminas de 0.5

1 Segueta ou serra de arco.

12 serras do nº 2 ou nº 3 para madeira.

1 bisturí nº 3

10 coitelas do nº 11

1 peza de madeira de faia (*fagus sylvatica*) de 1000 x 120 x 4 mm.

## CONDICIÓNS COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

**Duración** curso: 30 horas

**Prazas limitadas:** 15 por curso

**Inscripción:**

Gratuíta. Mediante envío de correo electrónico ao enderezo [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org), cos seguintes datos (imprescindibles)

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante:
- DNI:
- Anos nos que cursou estudos da especialidade na EMAO: [no caso en que sexa condición telos cursado para acceder ao monográfico seleccionado]

**Admisión de solicitudes:**

- Non poderán inscribirse as persoas que estean matriculadas na EMAO no curso 2016-217
- Só se admiten persoas maiores de 16 anos.
- Só serán válidas as solicitudes que cumpran as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso monográfico en concreto
- A inscrición farase por estricta orde de recepción do correo electrónico de solicitude ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
- A confirmación da matrícula realizaráa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No



caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase aos reservas

RO/

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN  
M<sup>a</sup> José Loureiro Bada

CONFORME  
A CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN  
Olga Alonso Suárez